

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Básico 👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-DT1-Pensamento de deseño
Básico

Actividade elaborada coa colaboración de DESORE

Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación
Universidade de Vigo

Aporta

- Material de uso cotiá na clase

Nivel Baixo 🖐

Observa

- **Etapas ideación:** Senta coas outras persoas do teu grupo e pídelles á/ao docente un obxecto (clip, palillo, lapis, goma, etc.). Pensa posibles usos dese obxecto, primeiro individualmente despois en grupo. Sé creativo propón usos non habituais.
- **Etapas prototipado:** Prototipa a proposta que máis vos guste ás persoas do grupo.
- **Etapas probas:** Presenta ao resto de estudantes o traballo que fixéchedes.

Indaga

- Es quen de pensar dez usos do obxecto que che deu o/a profesor/a?
- Entre todo o grupo, sodes quen de descubrir máis usos do obxecto? Chegades ata trinta cando compartides as vosas ideas? Grazas a compartir ideas xurdiron máis posibles usos para o elemento?
- Se tiverades máis dun obxecto igual, poderíades atopar algunha utilidade máis?
- E se en vez do tamaño que consideráchedes, fose moito máis pequeno, ou moito máis grande?
- Decidide entre vós cal das utilidades vos gusta máis e, usando materiais da clase (plastilina, gomets, papel, pegamento, ...), facédela realidade. Sodes quen de facer un prototipo sinxelo? O prototipo serviu para conseguir o obxectivo previsto?

- Amosade o voso prototipo ao resto dos grupos da clase. Os vosos compañeiros, atoparon outros usos para o obxecto? Xurdiu debate sobre o prototipo e outros posibles usos?



Segue o código QR do reverso para descargar o manual.

